



6.6. RESUMO DAS FICHAS DO CATALOGO

Título: ARQUITECTURA DO GRAO E DO ESQUECIMENTO | MUÍÑOS HIDRÁULICOS NAS FARROQUIAS DE AGUASANTAS, BUXAN E ERMEDELO | Data: XUÑO 2014
Autor: J. CASTOR CAMPOS RODRÍGUEZ | Titulación: GRAO DE ARQUITECTURA TECNICA | FIN DE GRAO 2014 | E.U.A.T. UNIVERSIDADE DA CORUÑA
DEPARTAMENTO DE TECNOLOXIA E CENCIA DA REPRESENTACION GRAFICA | Tutores: JOSE ANTONIO DIAZ ALONSO | JOSE MANUEL YANEZ RODRIGUEZ

6.6. RESUMO DAS FICHAS DO CATALOGO

A continuación, e a modo de cadros resumo, prodese a analizar os elementos catalogados.

6.6.1. ANALISE DE ELEMENTOS E ESTADO DE CONSERVACION

FICHA Nº	PARROQUIA	LUGAR	CONCA/CAUCE REGATO	TIPO	PROPIETARIO	ESTADO CONSERVACIÓN	TELLADO TRADICIONAL	TELLADO INTERVENCIÓN POSTERIOR	ELEMENTOS DE FUNCIONAMENTO EN PLANTA DE INFERNO	MECANISMOS DE TRITURACIONEN PLANTA DE TREMIÑADO						
1	AGUASANTAS	A SENRA	RIO DO MANLE	CUBO	CASA DE FRUCTUOSO	FUNCIONANDO	SI	-	TODOS	TODOS						
2				CUBO AGRUPACION 2	CASA DE VARELA/COMUNITARIO	ABANDONADO	NON/NON	SI/NON	NON/NON	PE/NON						
3				ALBAGUEIRA	RIO DO TREITO		CUBO	CASA FELIPE BECERRA	NON	NON	-	PE E MOA				
4		PRIVADO/DESCONOCIDO	-					-								
5		COMUNITARIO	-					-								
6		BEADE	RIO DO TREITO	CUBO	CASA DE DIEGO		-	-	-	PE E MOA						
7					CASA DE ROSA		-	-	-	SI						
8					COMUNITARIO		-	-	-	PE						
9		CERNAN	RIO DO TREITO	CANLE	COMUNITARIO		FUNCIONANDO	SI	-	NON	NON					
10					CASA DE CASTRO					SI	SI	PE E MOA				
11					CASA DE CORNES					-	-	NON				
12		DUEI	RIO DO TREITO	CUBO	CASA DE VENTURA		ABANDONADO	NON	NON	-	PE E MOA					
13					CASA DE ELISA					NON	NON	NO				
14					CASA DE MANUEL DO PORTO					-	SI	PE E MOA				
15		PORTO	VILARIÑO NEDA	RIO DO TREITO	CUBO		CASA DO VILAS	SI	-	NON	TODOS					
16	BUXAN	ESPIÑEIRA					REGO DOS MUIÑOS	CUBO	CASA DE CLEMENTE	NON	NON	NON	PE E MOA			
17						CASA DE RIAL			SI							
18		COMUNITARIO	NON													
19		FARO	REGO DO SOUTIÑO	CASA DE SILVESTRE	SI											
20		O PIÑEIRO	REGO DE BUXAN	COMUNITARIO	NON	PE E MOA										
21	PICADIZO	ERMEDELO	RIO DO MANLE	CANLE	CASA DE MUIÑOS	SEMI-ABANDONADO	-	SI	TODOS							
22	O BARREIRO			RIO DO MANLE	CUBO	CASA DE CHUCO	FUNCIONANDO	SI	-	TODOS	TODOS					
23						CASA DE TUBIO-1	SEN FUNCIONAR	-	SI	NON	NON					
24						CASA DE TUBIO-2		SI	SI							
25	COMUNITARIO			NON	NON	NON										
26	MARTELO			RIO DO MANLE	CANLE	CASA DA COXA	ABANDONADO	NON	NON	NON	NON					
27						CASA DO CREGO										
28						COMUNITARIO										
29	MOARES			RIO DO MANLE	CUBO AGRUPACION 2	CASA DO SABUGUEIRO	ABANDONADO	NON	NON	NON	NON					
30						CANLE						CASA DO MATO	SI	-	SI	SI
31						CUBO						LUIS DE MOARES 1	SEMI-ABANDONADO	NON	SI	NON
32	LUIS DE MOARES 2			ABANDONADO	NON		NON	NON	NON							
33	CASA DA RULA			SEMI-ABANDONADO	SI		SI	-	-							
34	CASA DE SAN PEREZ			SEMI-ABANDONADO	-	SI	NON	NO	NO							
35	CASA DE VERDUGA			FUNCIONANDO	SI	-	TODOS	TODOS								
36	COMUNITARIO	ABANDONADO	NON	NON	-	-	-									
37	COMUNITARIO				-	-	-									
38	CASA DE LAGO				-	-	-									
39	SABACEDO	COMUNITARIO	-	-	PE											

6.6.2. ANALISE DE ELEMENTOS POR SISTEMA DE ADMISION DE AUGA

Atendendo ao sistema de admisión de auga faise a seguinte clasificación:

CLASIFICACION DOS MUIÑOS SEGUNDO O SISTEMA DE ADMISION DE AUGA

CUBO

CANLE

CUBO ILLADOS

CANLE AGRUPADOS

CANLE ILLADOS

CANLE AGRUPADOS

CHA Nº	PARROQUIA	LUGAR	ONCA/CAUCE REGATO	TIPO	PROPIETARIO				
1	AGUSANTAS	A SENRA	RIO DO MANLE	CUBO	CASA DE FRUCTUOSO				
3		ALBAGUEIRA			CASA FELIPE BECERRA				
4					PRIVADO/DESCONOCIDO				
5					COMUNITARIO				
6			CASA DE DIEGO						
7		BEADE	CASA DE ROSA						
8			COMUNITARIO						
9			COMUNITARIO						
10			CASA DE CASTRO						
12		CERNAN	RIO DO TREITO		CASA DE VENTURA				
13		DUEI			CASA DE ELISA				
14		PORTO			ASA DE MANUEL DO PORTO				
15		LARIÑO NEDA			CASA DO VILAS				
16		BUXAN			ESPIÑEIRA	REGO DOS MUIÑOS	CUBO	CASA DE CLEMENTE	
17			CASA DE RIAL						
18	COMUNITARIO								
19	FARO		CASA DE SILVESTRE						
22	ERMEDELO	O BARREIRO	RIO DO MANLE	CUBO	CASA DE CHUCO				
23					CASA DE TUBIO-1				
24					CASA DE TUBIO-2				
25					COMUNITARIO				
26		MARTELO			CASA DA COXA				
27					CANLE	CASA DO CREGO			
28					COMUNITARIO				
31		MOARES			LUIS DE MOARES 1				
32					LUIS DE MOARES 2				
33					CASA DA RULA				
34					CASA DE SAN PEREZ				
35					CASA DE VERDUGA				
36					COMUNITARIO				
37					COMUNITARIO				
38					CASA DE LAGO				
39					COMUNITARIO				
29					ERMEDELO	MOARES	RIO DO MANLE	CUBO AGRUPACION 2	CASA DO SABUGUEIRO
2					GUASANTAS	A SENRA	RIO DO MANLE	CUBO AGRUPACION 2	CASA DE VARELA/COMUNITARIO
11		GUASANTAS			CERNAN	RIO DO TREITO	CANLE	CASA DE CORNES	
21	BUXAN	PICADIZO	REGO DO BUXAN	CANLE	CASA DE MUIÑOS				
30	ERMEDELO	MOARES	RIO DO MANLE	CANLE	CASA DO MATO				
20	BUXAN	O PIÑEIRO	REGO DE BUXAN	CANLE AGRUPACION 3	COMUNITARIO				

PARROQUIA DE AGUASANTAS
 PARROQUIA DE ERMEDELO
 PARROQUIA DE BUXAN
 LENDA DOS GRAFICOS EMPREGADOS NOS CADROS

6.6.3. ANALISE DE ELEMENTOS POR O SEU ESTADO DE FUNCIONAMENTO

Nos casos que están a funcionar como se indica no cadro aquí indicado,(3 muiños) o funcionamento está explicado no resumo deste documento realizado anteriormente.

EN FUNCIONAMENTO

ABANDONADOS OU SEN FUNCIONAR

FICHA Nº	LUGAR	PROPIETARIO	ESTADO CONSERVACIÓN	
1	A SENRA	CASA DE FRUCTUOSO	FUNCIONANDO	
10	CERNAN	CASA DE CASTRO		
22	O BARREIRO	CASA DE CHUCO		
35	MOARES	CASA DE VERDUGA		
3	ALBAGUEIRA	CASA FELIPE BECERRA	ABANDONADO	
4		PRIVADO/DESCONOCIDO		
5		COMUNITARIO		
6	BEADE	CASA DE DIEGO		
7		CASA DE ROSA		
8		COMUNITARIO		
9		COMUNITARIO		
11	CERNAN	CASA DE CORNES		
12		CASA DE VENTURA		
13	DUEI	CASA DE ELISA		
14	PORTO	CASA DE MANUEL DO PORTO		
15	VILARIÑO NEDA	CASA DO VILAS		
16	ESPIÑEIRA	CASA DE CLEMENTE		ABANDONADO
17		CASA DE RIAL		
18		COMUNITARIO		
19		FARO	CASA DE SILVESTRE	
20	O PIÑEIRO	COMUNITARIO		
21	PICADIZO	CASA DE MUIÑOS	SEMI-ABANDONADO	
23	O BARREIRO	CASA DE TUBIO-1	SEN FUNCIONAR	
24		CASA DE TUBIO-2		
25		COMUNITARIO		
26	MARTELO	CASA DA COXA	ABANDONADO	
27		CASA DO CREGO		
28		COMUNITARIO		
29		CASA DO SABUGUEIRO		
30	MOARES	CASA DO MATO	SEMI-ABANDONADO	
31		LUIS DE MOARES 1		
32		LUIS DE MOARES 2	ABANDONADO	
33		CASA DA RULA	SEMI-ABANDONADO	
34		CASA DE SAN PEREZ		
36		COMUNITARIO	ABANDONADO	
37	PENAVIDE	COMUNITARIO		
38	SABACEDO	CASA DE LAGO		
39		COMUNITARIO		

Título: ARQUITECTURA DO GRAO E DO ESQUECIMENTO | MUÍÑOS HIDRÁULICOS NAS FARROQUIAS DE AGUASANTAS, BUXAN E ERMEDELO | Data: XUÑO 2014
Autor: J. CASTOR CAMPOS RODRÍGUEZ | Titulación: GRAO DE ARQUITECTURA TECNICA | FIN DE GRAO 2014 | E.U.A.T. UNIVERSIDADE DA CORUÑA
DEPARTAMENTO DE TECNOLOXIA E CENCIA DA REPRESENTACION GRAFICA | Tutores: JOSE ANTONIO DIAZ ALONSO | JOSE MANUEL YANEZ RODRIGUEZ



7. ROIS NA PRENSA

Título: ARQUITECTURA DO GRAO E DO ESQUECIMENTO | MUÍÑOS HIDRÁULICOS NAS FARROQUIAS DE AGUASANTAS, BUXAN E ERMEDELO | Data: XUÑO 2014
Autor: J. CASTOR CAMPOS RODRÍGUEZ | Titulación: GRAO DE ARQUITECTURA TECNICA | FIN DE GRAO 2014 | E.U.A.T. UNIVERSIDADE DA CORUÑA
DEPARTAMENTO DE TECNOLOXIA E CENCIA DA REPRESENTACION GRAFICA | Tutores: JOSE ANTONIO DIAZ ALONSO | JOSE MANUEL YANEZ RODRIGUEZ

7. ARTIGOS NA PRENSA

Durante o desenrolo deste traballo, meses despois de haber levado a cabo o traballo de levantamento de campo e localización de parte dos muíños que se puideron localizar no Concello de Rois (en gran parte grazas aos veciños e en particular ao amigo Silvestre que me acompañou en boa parte dos días), na edición do día 17 de outubro do ano 2013 o periódico La Voz de Galicia amosa unha triste nova no seu titular “Rouban a capa de pedra de sete muíños de auga dunha aldea de Rois”. O roubo de pezas prodúcese en sete muíños de auga situados na aldea de Moares, na parroquia de Ermedelo do municipio de Rois.

Semella incomprendible este tipo de actos que son levados a cabo, supostamente por xente sen ningún tipo de escrúpulos e co afán único de danar gravemente o patrimonio popular.

Cabe indicar que dos sete muíños que indica a reportaxe, alomenos tres ou catro non aparecen no catálogo realizado posto que nos días que se fixeron as visitas de campo, o acceso aos mesmos foi imposible, facendo que sexa moi desconfiado o feito de que os amigos do alleo chegaran ata eles.


Facendo unha reflexión en voz alta, chego a pensar que o labor de investigación realizado neste traballo levantou a suspicacia de algún interesado ou interesada que fixera que a cabeza empezara a pensar a maneira de apropiarse do que non era da súa propiedade, polo que, dentro do malo, mellor sería que, como di o título do traballo, as construcións seguiran no esquecemento como garantía de poder salvagardar o seu propio patrimonio de este tipo de personaxes.

Título: ARQUITECTURA DO GRAO E DO ESQUECIMENTO | MUÍÑOS HIDRÁULICOS NAS FARROQUIAS DE AGUASANTAS, BUXAN E ERMEDELO | Data: XUÑO 2014
Autor: J. CASTOR CAMPOS RODRÍGUEZ | Titulación: GRAO DE ARQUITECTURA TECNICA | FIN DE GRAO 2014 | E.U.A.T. UNIVERSIDADE DA CORUÑA
DEPARTAMENTO DE TECNOLOXIA E CENCIA DA REPRESENTACION GRAFICA | Tutores: JOSE ANTONIO DIAZ ALONSO | JOSE MANUEL YANEZ RODRIGUEZ



8. CONCLUSION

Título: ARQUITECTURA DO GRAO E DO ESQUECIMENTO | MUÍÑOS HIDRÁULICOS NAS FARROQUIAS DE AGUASANTAS, BUXAN E ERMEDELO | Data: XUÑO 2014
Autor: J. CASTOR CAMPOS RODRÍGUEZ | Titulación: GRAO DE ARQUITECTURA TECNICA | FIN DE GRAO 2014 | E.U.A.T. UNIVERSIDADE DA CORUÑA
DEPARTAMENTO DE TECNOLOXIA E CENCIA DA REPRESENTACION GRAFICA | Tutores: JOSE ANTONIO DIAZ ALONSO | JOSE MANUEL YANEZ RODRIGUEZ



8. CONCLUSIÓN


O obxectivo deste Traballo Fin de Grao pasa por indicar ata que punto as cousas que para os nosos país e avós era tan necesario e útiles que, aínda téndoos diante dos nosos ollos, non nos decatamos que estamos ante unha devacle das nosas costumes.

No momento de partir a realización deste traballo, o único documentos que nos falaba dos muíños no Concello de Rois, é unha pequena nota simbólica no libro de Clodio González Pérez *"O concello de Roís: historia, economía e arte, catálogo arqueolóxico, artístico e monumental"* editado polo Concello de Rois no ano 1990 onde soamente indica, sen chegar a facer un análises como fai con outros elementos arquitectónicos, a existencia de 150 muíños repartidos polas 13 parroquias do Concello nunha extensión aproximada de 93 km².



O análise que se fai do traballo realizado indicase a continuación.

O traballo de campo realizase en tres parroquias das doce que comprende o Concello de Rois, sumando un ámbito de traballo dunha extensión de 33,80 km² (mais dun 36,34 % da extensión do Concello).



Das tres parroquias analizadas, en Aguasantas localízanse 15 fichas (38,46 %), en Buxán localízanse 6 fichas (15,38 %) e en Ermedelo localízanse 18 fichas (46,15 %).




Atendendo o lugar de localización dos elementos catalogados corresponde o gráfico seguinte:





O análise das concas revela que 23 fichas do catalogo (58,97 %) atópanse sobre a conca do río Manle, 10 fichas (25,64 %) sobre a conca do río Treito, 3 fichas (7,69 %) sobre a conca do rego dos Muíños, 2 fichas (5,13 %) sobre a conca do rego de Buxán e 1 ficha (2,56 %) sobre a conca do rego do Soutiño.








Se o análise faise dende o punto de sistema de admisión da auga, 32 fichas (82,05 %) utilizan o sistema de cubo individual, 4 fichas (10,26 %) utilizan o sistema de canle individual, 2 fichas (5,13 %) utilizan o sistema de cubo en agrupación de dous muíños e 1 ficha (2,56 %) utilizan o sistema de canle en agrupación de tres muíños.





Atendendo ao sistema de propiedade, 27 fichas (69,23 %) son muíños privados ou maqueiros e 12 fichas (30,77 %) son muíños de herdeiros ou comunitarios ou maqueiros.




Soamente se atopan 4 fichas (10,26 %) funcionando, o resto, 29 fichas (74,36 %) están abandonados completamente e 6 fichas (15,38 %) están semi-abandonados, é dicir, teñen todos os elementos para poder facelo pero en moi mal estado de conservación e sen aporte de auga.





Localízanse 24 fichas (61,54 %) que non teñen ningún elemento de funcionamento na planta do inferno para o seu funcionamento, 10 fichas (25,64 %) que resulta imposible acceder ao inferno para comprobar se hai ou non mecanismos para o seu funcionamento pola cantidade de maleza e vexetación e o resto, 5 fichas (12,82 %) teñen os seus correspondente mecanismos de rotación completos na planta do inferno.






Analizando a planta de tremiñado, 7 fichas (17,95 %) que resulta imposible acceder ao muíño no seu tremiñado para comprobar se hai ou non mecanismos para o seu funcionamento pola cantidade de maleza e vexetación, 10 fichas (25,64 %) que non teñen ningún elemento de trituración na planta do tremiñado para o seu funcionamento, 2 fichas (5,13 %) unicamente se localiza o pé faltando o resto de elementos, 13 fichas (33,33 %) teñen pé e moa soamente e 7 fichas (17,95 %) teñen todos os seus correspondente mecanismos de trituración na planta do tremiñado para o seu funcionamento, aínda que algún non funciona por os motivos anteriormente analizados (falta de mecanismos de rotación, falta de aporte de auga,abandono completo,.....).



Analizando as cubertas, 19 fichas (48,72 %) teñen a estrutura completamente derruída, 12 fichas (30,77 %) teñen a estrutura orixinal e 8 fichas (20,51 %) teñen actuación posteriores non contemporáneas coa construción.



Todo o indicado ata agora da unha boa razón o título do Traballo, "A Arquitectura do Grao e do Esquecemento".

A intención final deste traballo non pretende ser un indicador para conservar na memoria o que previsiblemente, acabara por esquecerse, senón que intenta ser un guión para analizar o que estamos deixando atrás e que con tantos conceptos novos como inicialmente indicaba, xa os nosos antecesores xa usaban con un diálogo coa natureza onde ambos se respetaban sen molestarse. Temos o futuro diante dos nosos ollos e estamos considerando que as cousas do pasado deberían quedar no pasado. "arquitectura sostenible, arquitectura bioclimática, rehabilitación, arquitectura ecológica, eco-arquitectura, arquitectura verde ou arquitectura ambientalmente consciente", son conceptos que, como pasa na maioría das veces, acabaremos tamén por esquecer.

"A ignorancia é a noite da mente, pero unha noite sen lúa e sen estrelas "
Confucio)



9.GLOSARIO

Título: ARQUITECTURA DO GRAO E DO ESQUECIMENTO | MUÍÑOS HIDRÁULICOS NAS FARROQUIAS DE AGUASANTAS, BUXAN E ERMEDELO | Data: XUÑO 2014
Autor: J. CASTOR CAMPOS RODRÍGUEZ | Titulación: GRAO DE ARQUITECTURA TECNICA | FIN DE GRAO 2014 | E.U.A.T. UNIVERSIDADE DA CORUÑA
DEPARTAMENTO DE TECNOLOXIA E CENCIA DA REPRESENTACION GRAFICA | Tutores: JOSE ANTONIO DIAZ ALONSO | JOSE MANUEL YANEZ RODRIGUEZ

Reúnense neste apartado certos vocábulos que se requiren cando se están a tratar temas sobre muíños. Dáse primeiramente unha breve definición e seguidamente algúns sinónimos ou formas dialectais, que se utilizan segundo as distintas zonas de Galicia.

Abella s.f. Pau furado co que se modifica a inclinación da quenlla. Sin: engranda,mansebiña, espicela.

Acodadeira: s.f. Ferramenta de picar as pedras. Sin: piqueta.

Adella: s.f. Pequena canle de madeira que leva o gran dende a moega ao ollo. Sin: abella, adella, adellón, canado, caneta, canle (quelha), queira, quenlla, quenlle, tramoia.

Agulla: s.f. Peza superior de sustentación do xiro. Sin: aguillón, grilo, ovo.

Andar en van: e.Dise do muíño cando xira a moa sen ter gran para moer. Sin: andar na pedra, cantar na pedra.

Apromar o muíño: e. Colocar o pé na vertical do rodicio.

Arca: s.f. Baúl grande de madeira onde se garda a maquía. Sin: hucha.

Arriero: s.m. Viga móbil na que se incrusta a rá e se engancha o erguedoiro. Sin: Rieiro, mesa pau de porca, traveso.

Alcatruz: s.m. Palabra de orixe árabe que designa os recipientes utilizados nas noras e tarambolas para tirar a auga do fondo dun pozo ou dun río para a superficie.

Baixadoiro: s.m. Pasadizo que permite o acceso as caldeiras dende o tremiñado.

Beo: s.m. Barra de ferro que vai dende o touzo ata a segorella. Sin: olibete, lobete.

Biqueira: s.f. Boca, xeralmente de pedra, por onde sae a auga camiño do rodicio. Sin: billa, bofete, bofetón, buxa, canetón, ficheira.

Bruia: s.f. Muíño hidráulico de roda motriz vertical. Sin: acea, aceña, ceña.

Bufarda: s.f. Pequena abertura nos muros para airear o muíño.

Burra: s.f. Guindastre para descabalgan o muíño. Sin: burro.

Buxa: s.f. Cilindro de madeira encaixando no pé e atravesando polo beo.

Caixa: s.f. Taboado de madeira arredor do pé para recoller a fariña. Sin: caixón.

Caldeira: s.f. Cámara circular que substitúe ao inferno nos muíños de dorna. Sin: pozo, tinalla (pogo).

Calcafoles s.m. Ferramenta para erguer o muíño na cruz e apretar a fariña dentro dos foles. Sin: Pau calcadoiro, atelladoiro.

Candil s.m. Pequena lámpada de aceite para alumear interiores.

Canle: s.f. Condución de pedra que leva a auga ata o muíño. Sin: cal,caldeira, cangle, canlle, gabia, rairo, relo, presa (levada), lovada.

Canleiro: s.m. Nos muíños de canle, ultimo tramo da mesma que ten moita pendente para botar a auga con forza no rodicio. Sin: canle, cubo.

Casa-vivenda: s.f. Construción ou edificio, ou parte del, que serve de abeiro e vivenda ás persoas. Sin: casal, fogar, lar.

Ceña s.f. Presa construída no río para desviar a auga cara ao muíño. Sin: guiar, presa.

Compostor: s.m. Persoa encargada, mediante pagamento, do arranxo e mantemento dos muros de herdeiros. Sin: picador.

Cruz: s.f. Peza coa que remata o erguedoiro no treminado. Sin: crucera, levantadoiro.

Cubo: s.m. Nos muíños de cubo, depósito de auga apegado ou achegado a un dos muros da construción. Sin: pozo (cubo depósito).

Culeiro: s.m. Cesto que, cheo de espigas, contén aproximadamente un ferrado de gran. Sin: coleiro, ferrado.

Cuna: s.f. Pequena estela de madeira empregada para subir e baixar a cruz. Sin: acha, racha.

Descabalgan o muíño: e. Quitar a moa de enriba do pé.

Desceibar o muíño: e. Tirar da piadoira para que o muíño comece a xirar. Sin: botar a andar, abrílle á auga.

Dragar a presa: e. Limpaa a presa, para sacar a lama amoreada.

Eixo: s.m. Peza horizontal composta de touzo, lobete (ás veces) e beo. Sin: árbore, vara, lobete.

Encallar: v.i. Quedar saturado de gran o espazo entre o pé a moa, sobre todo cando o cereal aínda está verde. Sin: empachar, enlodar.

Entalla: s.f. Cuña que se introduce na biqueira para reducir o consumo de auga. Sin: billote, corredera.

Entrante: s.m. Espazo entre a moa e o pé, situado na parte central, onde o gran soamente toca no pé. Sin: tragante.

Enxerto: s.m. Abertura no touzo ou no lobete para acoller o beo. Sin: entalla.

Erguedoiro: s.m. Peza de madeira ou ferro para subir ou baixar o arriero, conseguindo así distintas separacións entre pé e moa. Sin: aliviadoiro, liviadoiro, levantillo, tempero.

Escachicarse o muíño: e. Sufrir o pé e a moa unha forte erosión por estar andando en van.

Espicela: s.f. Peza unida á moega onde se sustenta a abella. Sin: esparrilla, parrilla, garabato.

Fariña: s.f. Produto resultante da trituración dos cereais. Fariña rachada: a menos triturada, tamén chamada relón ou farelo. Fariña do óleo: a máis fina.

Farol: s.m. Aparello para alumear o camiño ao muíño.

Ferrado: s.m. Unidade de medida para o millo equivalente a uns 20 kg, pero que varia segundo a zona.

Ferro (da moa): s.m. Cada un dos ferros chairos empregados para descabalgan o muíño. Sin: ferro de asento, sega.

Fiadoiro: s.m. Pau que atravesa a quenlla e que serve de suxeición para os tarabelos de vara.

Fichueira: s.f. Burato pequeno polo que sae a auga da biqueira para as penas do rodicio.

Fol: s.m. Saco para o transporte do cereal, feito de pel de ovella.

Froula: s.f. Nube de fariña que se apega ás paredes e teito do muíño. Sin: foula, lixo.

Froulear o muíño: e. Dise do muíño cando levanta moita froula.

Gabia: s.f. Oco alongado de certa fondura executado no terreo natural para face-los cimentos dunha edificación ou unha canle para as augas. Sin: cabouco, dorrego, valo, xancia.

Garando: s.m. Ferramenta empregada na nivelación do muíño. Sin: raso.

Grade: s.f. Reixa interposta na canle para filtrar a auga. Sin: canizo, espera, gradilla.

Herdeiro: s.m. Cada unha das persoas que teñen parte dun muíño comunal.

Inferno: s.m.Planta inferior dos muíños hidráulicos onde se aloxa o rodicio. Sin: cabouco, fuma,lavatorio, sartén, vaso.

Lobete: s.m. Nalgúns muíños, prolongación do touzo que facilita o desmonte do eixo.

Maquía: s.f. Parte do gran que cobra o muíneiro en pagamento do seu traballo. Sin: maquila.

Moa: s.f. Pedra superior circular e móbil, que xira horizontalmente sobre outra fixa (pé) para tritura-lo gran nos muíños. Sin: capa, corredeira, corredeira, roda. Moa de pedra albeira: Para moer trigo. Moa de pedra negreira ou negral: Para moer millo e centeo.

Moega: s.f. Caixón de madeira de forma troncopiramidal invertida onde se verte o gran para a moenda no muíño que sae polo seu extremo inferior ó ollo da moa.. Sin: adella, canada, canoura, cousela, dorneira, moiega, moxega, muela, muñega, temoia (moega).

Moente: s.m. Parte perimetral da pedras onde se moe a fariña. Sin: moiente.

Muiñada: s.f. Conxunto de traballos que se realizan no muíño para converter certa cantidade de gran en fariña. Sin: moinada.

Muíño: s.m. Aparello que moe o gran de cereal. Tamén se refire á construción que alberga este aparello.

Muíño de herdeiro: de moitas familias, comunal. **Muíño maqueiro:** privado, dedicado á moenda como negocio.

Nivelar o muíño: e. Acción de actuar sobre o pé para que a moa xire en perfecta horizontalidade.

Ollo: s.m. Orificio practicado no centro da moa e máis do pé. Sin: ollal, traque.

Pá: s.f. Utensilio para recoller a fariña do tremiñado ou da caixa. Tamén se pode referir a un das pezas que conforman o rodicio.

Pé: s.m. Pedra inferior do muíño, de forma cilíndrica, que permanece inmóbil durante a moenda (pé).

Pear: v.t. Chegar as augas do río a cubrir o rodicio, o que impide o seu xiro e inutiliza o muíño. Sin: alagar.

Pechadoiro: s.m. Comporta ou cuña coa que se impide a entrada de auga no inferno detendo o funcionamento de muíño. Sin: aspa, comporta, pexadoiro, porta (comporta), vaso.

Pena: s.f. Cada unha das pezas do rodicio dispostas circularmente arredor do eixo. Sin: culler, péndola, penla (pena).

Pía: s.f. Recipiente para tritura-lo millo. Peza do muíño onde se introduce o ovo.

Piadoira: s.f. Artiluxio de madeira que se utiliza para regula-lo paso da auga ó inferno do muíño. Sin: afiridoiro, empara-doiro, pexadoiro (pejadouro).

Picar: v.t. Acción de volver rugosas as superficies da moa e do pé que están en contacto e que se alisaron co rozamento.

Pico: s.m. Ferramenta rematada en punta coa que se realiza o picado das pedras do muíño.

Porca: Trabe de madeira situada debaixo do rodicio do muíño que serve para erguelo ou baixalo. Segundo se queira obter unha fariña máis ou menos fina. Sin: arrieiro, atelladoiro, mesa, ponte, pau da porca, rieiro.

Pousadoiro: s.m. Pedra a carón da porta que saobrese da parede para pousar os casos. Sin: pousafoles.

Presa: s.f. Construción feita no curso dunha corrente de auga a base dun muro de contención, co fin de desviar e aproveita-la auga para usos diversos. Sin: ceña,encoro, guiar, preseira, represa, levada, rego.

Quenlla: s.f. Pequena canle de madeira que leva o gran dende a moega ao ollo. Sin: adella, adellón, candao , caneta, canle.

Ra: s.f. Peza inferior de sustentación do xiro. Sin: cuñeiro, enrán, obradeira, pía, porca, ran (rela).

Rachante: s.m. Lugar da superficie de contacto entre moa e pé onde son desfeitos os grans. Sin: destroce.

Rebousadoiro: s.m. Rebaixe ou pequeno van no cubo dos muíños por onde verte a auga cando está cheo o depósito.

Rodicio: s.m. Roda motriz horizontal do muíño. Sin: reducio, rendicio, rudicio (rodízio). Rodicio de turbina: o do muíño de dorna (rodete).

Rodicio de pas: o do muíño de tinalla. v. verbo t. transitivo sin. sinónimo

Rodo: s.m. Ferramenta coa que se xunta a fariña no tremiñado.

Sateira: s.f. Biqueira de madeira. Sin: billa, bofete, bofetón, buxa (seteira).

Segorella: s.f. Peza encaixada no extremo superior do beo sobrecella, surella (segurella), tinalla ou tina. e que sustenta a moa. Sin: soborella,

Segorellal: s.m. Rebaixe da moa onde encaixa a segorella. Sin: encaixa, seborellal, surellal.

Tarabelo: s.m. Peza para facer tremer a quenlla. Sin: cencello, cacarexo, cambo, tangano, taramela, tanguedoiro, teixedeira, tenxedoiro, varilla.

Torcida: s.f. Gran de millo a medio moer que cae pouco antes de que encalle o muíño.

Touzo: s.m. Peza inferior do eixo na que encaixa o rodicio. Sin: couce, fuso, trouzo, trouzo, vara , veo.

Trampa: s.f. Mecanismo para a parada automática do muíño.

Tremiñado: s.m. 1. Espazo arredor das pedras onde cae a fariña nos muíños sen caixa. 2. Por extensión, planta superior do muíño onde están as pedras de moer. Sin: Tremuñado, trimiñado (tremnhado).

Troar o muíño: e. Producir o son característico cando está a moer. Sin: ruxir o muíño, cantar o muíño.

Vareiros: Estrutura de madeiros unidos en cruz por outros chamados travesos sobre os que se fixan os abanos ou aspas dos muíños de vento de Catoira.

Vasoira: s.f. Ferramenta de mango curto coa que se varre a fariña cara á pá. Sin: xesta varredeira.

Volante: s.m. Substituto da cruz nos muíños con erguedorio de ferro.

Xanela: s.f. Pequena fiestra que dá luz ó tremiñado.

e. expresión
f. feminino
m. masculino
s. substantivo
v. verbo
t. transitivo



10.REFERENCIAS BIBLIOGRAFICAS

Título: ARQUITECTURA DO GRAO E DO ESQUECIMENTO | MUÍÑOS HIDRÁULICOS NAS FARROQUIAS DE AGUASANTAS, BUXAN E ERMEDELO | Data: XUÑO 2014
Autor: J. CASTOR CAMPOS RODRÍGUEZ | Titulación: GRAO DE ARQUITECTURA TECNICA | FIN DE GRAO 2014 | E.U.A.T. UNIVERSIDADE DA CORUÑA
DEPARTAMENTO DE TECNOLOXIA E CENCIA DA REPRESENTACION GRAFICA | Tutores: JOSE ANTONIO DIAZ ALONSO | JOSE MANUEL YANEZ RODRIGUEZ

10. REFERENCIAS BIBLIOGRAFICAS

BARROS JUSTO, RAMIRO. (1997). Muíños de río nas terras de Pontevedra. Deputación de Pontevedra, Servizo de Publicacións.

CAAMAÑO SUAREZ, MANUEL. (2003). As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia. Santiago de Compostela: Consello Galego do Colexio de Aparelladores e Arquitectos Técnicos.

DE LLANO, PEDRO (1981-1983). Arquitectura Popular en Galicia, 2 vol.. Santiago de Compostela, COAG.

DE LLANO, PEDRO (2006). Arquitectura Popular en Galicia: razón y construcción. Vigo; Xerais/Fundación Caixa Galicia.

BAS; BEGOÑA (1983). As construcións populares: un tema de etnografía en Galicia. Sada, Edicións O Castro.

BAS LOPEZ, BEGOÑA/VARELA VILARIÑO, XOSE (2000). Os muíños. IR INDO DISTRIBUCIONS S.A

GONZÁLEZ PÉREZ, CLODIO (1990). O concello de Rois: historia, economía e arte, catálogo arqueolóxico, artístico e monumental. Rois, Concello de Rois.

MARIÑO, XOAN X. (2012). Os muíños de Outes, Outes. Asociación Cívico Cultural "Terras de Outes".

ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO (2002), Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Rois, A Coruña, Concello de Rois.

Directorios web consultados:

<http://loslugarestienenmemoria.blogspot.com.es/2011/10/los-molinos-hidraulicos-usos-y.html>

<http://olmo.pntic.mec.es/~fbez0000/molinos1.htm>

<http://www.gazeta-antropologia.es/?p=3394>

<http://lembranza-nunci.blogspot.com.es/2009/02/los-molinos-de-galicia.html>

<http://olmo.pntic.mec.es/~jpag0004/molino%20de%20agua.htm>

<http://molinosgallegos.blogspot.com.es/2010/05/molinos-galicia-e-historia-de-los.html>

<http://www.rios-galegos.com/venosg12.htm>

<http://www.galiciamaxica.eu/Sitios/PONTEVEDRA/ribadumia/batan.html>

<http://pdf.depontevedra.es/ga/147/pPoxGnxzaL.pdf>

http://www.galiciaespallada.com.ar/arquit_galega_muinhos.htm

<http://www.concellodefriol.es/muinos.asp>

<http://www.galarq.com/muinos-do-roupeiro-e-do-porto/>

<http://life.deputacionlugo.org/conetnografico.html#>

<http://www.enllave.es/actualidad/noticias/2009/11/16/los-ingenieros-romanos/>

<http://gl.wikipedia.org/wiki/Cachoter%C3%ADa>

http://www.infobrion.com/cibereducacion/e_excursions.php?tabla=fichas&id=336&img=29

<http://www.esculpedra.com/servicios/canteria-de-obra/muros-rusticos/#!prettyPhoto>

http://www.rinconesdelatlantico.es/num5/4_abel.html

<http://elcobijoarquitecturas.blogspot.com.es/2013/08/construccion-con-la-tecnica-del-cob.html>

<http://www.mailxmail.com/curso-rocas-tipos-ciclo/contruccion-muro-piedra>

<http://aquamlatam.blogspot.com.es/2010/12/bufardas-ii.html>

<http://aquamlatam.blogspot.com.es/search/label/MU%C3%8D%C3%91OS>

<http://www.galiciamaxica.eu/categorias/molinos.html>

<http://molinosacem.com/>

Título: ARQUITECTURA DO GRAO E DO ESQUECIMENTO | MUÍÑOS HIDRÁULICOS NAS FARROQUIAS DE AGUASANTAS, BUXAN E ERMEDELO | Data: XUÑO 2014
Autor: J. CASTOR CAMPOS RODRÍGUEZ | Titulación: GRAO DE ARQUITECTURA TECNICA | FIN DE GRAO 2014 | E.U.A.T. UNIVERSIDADE DA CORUÑA
DEPARTAMENTO DE TECNOLOXIA E CENCIA DA REPRESENTACION GRAFICA | Tutores: JOSE ANTONIO DIAZ ALONSO | JOSE MANUEL YANEZ RODRIGUEZ

